

**SOMOS VOZ
SOMOS FORZA,
XUNTAS CONSTRUÍMOS**

Feminismo

Unidade

Tolerancia

igualdade

Respecto

solidariedade

**ACTIVIDADES
PARA**

SECUNDARIA

8 DE MARZO

DO 2015

8 DE MARZO 2015
DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES



1º ESO:

AS MULLERES XA ESTABAMOS AQUÍ

XUSTIFICACIÓN:

As mulleres traballamos hoxe e temos traballado sempre. O noso rol de coidadoras, o noso traballo de portas para dentro e sen remuneración, a escasa visibilización da muller nas diferentes áreas, etc. fixeron crer que a nosa achega ao mundo laboral é menos significativa que a do home e, daquela, que non debe ter o mesmo recoñecemento.

OBJECTIVOS

VISIBILIZAR, no noso centro, que as mulleres sempre traballaron cóbado con cóbado cos homes. Para demostralo propóñoche un reto: realizares un FANZINE.

MATERIAIS: Ordenadores, folios A3, tesouras, pegamento, rotuladores de cores, fotocopiadoras, cartolinas de cores (pastas)..

METODOLOXÍA

Traballaremos cunha metodoloxía activa en grupos mixtos.

Dividimos a clase en grupos mixtos de 4/5 persoas, que deberán elixir un/ha portavoz do grupo e realizar unha división de tarefas.

Necesitaremos 2/3 sesións, sendo preferible facer coincidir a última co 8 de marzo, ou, de non poder ser, co día en que se vaia celebrar no centro.

1ª sesión: explicarlle ao alumnado a actividade e como se realiza un FANZINE.

Aquí vai un enlace para reforzar a explicación

<http://evolucionarios.ec/2013/12/13/como-hacer-un-fancine/>

FANZINE:

O primeiro é escoller un tema, neste caso, mulleres que traballan. O noso título será "As mulleres xa estabamos aquí" e o que pretendemos é mostrar mulleres que traballasen ou traballen en diferentes áreas (cantas máis áreas, mellor). Mulleres científicas, historiadoras, artistas, policías, camioneiras, labregas....

Cada grupo realizará unha folla do fanzine, así que haberá que repartirse o choio. Separaremos áreas: ciencia, historia, medicina, actualidade... tantas como sexamos quen de imaxinar, pois mires onde mires seguro que atopas mulleres traballadoras (Aceptaranse as suxestións do alumnado).

En cada área repartiremos unha lista de mulleres relevantes ao longo da historia, e se a área foi proposta polo alumnado e non a tiñamos previamente preparada, faremos que sexa o propio alumnado quen a investigue.

Realizaremos unha procura en Internet, revistas e libros antigos da biblioteca ou de casa. Buscamos unha foto ou debuxo das nosas "mulleres significativas" e unha frase o un fragmento significativo da súa biografía, relacionados co tema que traballamos (non centrarse nin na data de nacemento nin no lugar de traballo).

A modalidade de fanzine que escollemos é o collage, así que necesitamos fotos e texto pero con tamaños e cores de letra chamativos. Utilizaremos folios A3 dobrados polo medio.

2ª sesión: Unha vez que o alumnado saiba o que ten que facer e o reparto de tarefas nos grupos estea claro, iniciamos o traballo. É conveniente que haxa un comité de corrección e supervisión para coordinar e facer que todo funcione ben. Debemos ter unha impresora a disposición ou que o alumnado imprima na súa casa; neste caso alteraríase o sistema de traballo para que poida vir de casa coa información xa impresa. Cando teñamos todo o material, podemos comezar a montaxe.

3ª sesión: Rematamos a montaxe, corríxese ou rectifícase todo aquilo que faga falta, fotocópíase, dóbrase e encadérase. Pódense personalizar as fotos con rotuladores de cores (de non ser así, ao tratarse de fotocopias en branco/negro, resultan pouco chamativas) ou salientar algunha frase... Unha vez terminado o fanzine repárteselle ao resto de compañeiros e compañeiras do centro.

Anexo J

Listaxes de mulleres que poderían servir para o fanzine: podemos estender a actividade e que o alumnado localice a categoría ou o traballo que realizou cada muller e despois repártese os nomes.

Completar a lista con mulleres notábeis da vida local. Poden incluírse mulleres importantes para o propio alumnado, así como a nai, as avoas, as tías...

2º ESO

Actividade 1 - QUEN TRABALLA EN CASA?

XUSTIFICACIÓN

A situación da muller perante o traballo foi mudando ao longo da historia. Iremos comprobar se iso se aprecia nunha familia media. Propoñemos ao alumnado que realice entrevistas a tres xeracións diferentes de mulleres da súa familia e posteriormente poñeremos a información obtida en común o 8 de marzo ou, se é o caso, o día en que se celebre esta efeméride no centro.

OBJECTIVOS

Visibilizar os distintos ámbitos de traballo en que participan as mulleres e amosar a súa evolución ao longo da historia.

MATERIAIS

Caderno de clase.

METODOLOXÍA:

A través dunha metodoloxía activa alternaremos o traballo grupal e o individual.

- Sesións: 2/3 non consecutivas no tempo, xa que entre a 2ª e a 3ª deberá existir cando menos unha semana, para dar tempo ao alumnado a realizar as entrevistas.

Na 1ª sesión explícaselle ao alumnado a actividade e divídese a clase en grupos. Nestes grupos traballarase a elaboración das preguntas do cuestionario para a entrevista, tendo presente cal é a súa finalidade: coñecemos o traballo que realizan ou realizaron tres mulleres da nosa familia que pertencen a xeracións diferentes. O ideal sería que fosen avoa-filla-neta, pero se non é posíbel, pódese establecer o criterio de diferenza de dez anos en idade entre as mulleres elixidas. Deberá indicarse o parentesco, a idade, o nome, a súa actividade principal, se cursou estudos (si/non), cales, se puido elixir ou a obrigaron...

Á elaboración da entrevista podemos adicar unha sesión ou dúas e unha semana despois poñeremos en común e analizaremos os resultados.

- Cos resultados obtidos podemos elaborar cartaces coas conclusións ás que cheguemos no grupo-clase e expoñeremos eses cartaces no centro o 8 de marzo ou, se é o caso, o día en que se celebre esta efeméride no centro.

Actividade 2 - QUEN LIMPOU A MIÑA CASA? *(Traballo doméstico e precariedade laboral)*

OBJECTIVOS

Valorizar o traballo doméstico.

Corresponsabilizarse das tarefas do

Visibilizar o feito de que, aínda hoxe, o maiormente por mulleres.

Tomar conciencia do seu carácter precario cando se realiza como traballo remunerado.

Orientacións metodolóxicas:

Logo dunha pequena introdución dada pola profesora ou profesor, realízanse as actividades propostas en pequenos grupos de 2 ou 3 persoas para a súa posterior exposición e debate no gran grupo. Suxírese que se vaian resolvendo con esta dinámica unha por unha, xa que cada unha delas enfoca un aspecto diferente do tema. Pódense realizar todas ou só algunhas delas, a criterio do profesor/a, que saberá adaptalas ao alumnado de que se trate.

TEMPORALIZACIÓN

O traballo coa Unidade Didáctica completa ocuparía entre tres e catro sesións de unha hora cada unha.



fogar.

traballo doméstico é realizado

Presentación

“Quen limpou a miña casa?”

É posíbel que, á túa idade, esta non sexa unha pregunta que te fagas con frecuencia. Estamos afeitos e afeitas en xeral a chegarmos a casa e que todo estea en orde: a comida pronta, o papel hixiénico no cuarto de baño, a roupa limpa e planchada dentro do armario... Pero... quen realizou todas estas tarefas que son imprescindíbeis para a túa vida?

Tarefa 1: Reflexionamos

Realiza un cadro coas tarefas domésticas máis frecuentes nun lado e os membros da familia e/ou a empregada doméstica, se é o caso, no outro. Sinala cun X quen fai cada tarefa dentro da túa casa. Unha vez que completes o cadro, ponlo en común con outro dos teus compañeiros ou compañeiras e resolve as seguintes preguntas:

Que persoa fai na túa casa a maioría das tarefas? Por que?

Esta persoa que realiza a maior parte das tarefas, traballa tamén fóra de casa?

Canto tempo aproximadamente dedica cada membro da familia e/ou a empregada doméstica, semanalmente, a realizar esas tarefas?

Consideras que é xusto o reparto e o emprego do tempo en realizar estas tarefas? Por que?

Que che parecería que a persoa que máis tarefas fai dentro da túa casa recibise un soldo polo seu traballo? Explica a túa resposta.

Persoa	Nai	Pai	Fillo	Filla	Empregada	Tempo semanal aproximado
Tarefa						
Fregar os pratos ou poñer e recoller o lavalouzas						
Poñer a lavadora e tender a roupa						
Pasarlle o ferro á roupa						
Fregar o chan e varrer						
Facer as camas						
Facer a comida						
Limpar o po						
Facer a compra						
Gardar a roupa nos armarios						
Baixar o lixo						
Facer arranxos e reparacións						

Hai familias que poden permitirse contratar unha persoa durante algunhas horas doméstico. Normalmente isto faise necesario porque ambos membros da parella traballan fóra de casa ou ben porque conviven coa familia persoas maiores ou nenos moi pequenos aos que hai que coidar.

As persoas que traballan, xa sexa por continua, realizando as tarefas do fogar horas ou de forma persoas denomínanse traballadores ou coidando outras traballadoras domésticas. Na súa inmensa maioría seguen sendo mulleres e, en moitos casos, inmigrantes que viñeron á nosa Terra buscando unha oportunidade para melloraren a súas vidas e as das súas familias.


Algúns datos sobre as condicións das traballadoras domésticas

Hai 52.6 millóns de traballadores/as domésticos/as a nivel mundial.

O 83% son mulleres.

Só o 10% (5.3 millóns) están protexidos como os demais traballadores e traballadoras.

proposta didáctica



Máis da metade de todas as traballadoras e traballadores domésticos non teñen límites no seu horario normal de traballo.

Máis da metade das traballadoras domésticas non ten dereito a estar de baixa cando ten un bebé. O 45% non ten dereito a vacacións pagadas ou a períodos de descanso semanais.

A todo isto hai que engadir que normalmente carecen de contrato de traballo, polo que non cotizan á Seguridade Social para nun futuro poderen cobrar pensión de xubilación. Ademais non teñen dereito ao paro cando lles remata este traballo. Poden ser despedidas sen indemnización en calquera momento. Estas condicións de traballo son “precarias”, isto é, inestábeis, que non ofrecen seguridade nin garantías de duración. Ninguén pode facer plans de vida nin sentir seguridade cun traballo así...

Tarefa 2: Investigamos

Procura 2 ou 3 persoas que traballen no servizo doméstico: limpando por horas, coidando anciáns ou nenas e nenos pequenos... e failles a cada unha as seguintes preguntas:

Cal é o teu nivel de estudos?

Que soldo gañas mensualmente por horas de traballo?

Tes contrato?

Cotizas á Seguridade Social?

Terás unha pensión cando chegues á idade de xubilación?

Que cousas pedirías para mellorar as túas condicións de traballo?

Igual que na actividade anterior, pon despois en común con algún compañeiro ou compañeira da clase as respostas que recibiches.

Estas respostas, confirman ou desmenten os datos globais que ofrecimos?

Fai unha listaxe coas cousas que as persoas que entrevistaches piden para melloraren as súas condicións de traballo. Cales desas reivindicacións consideras xustas e cales non? Por que?

Por último, coidas que existe actualmente algunha relación entre o nivel de estudos e o traballo precario? Razoa a túa resposta.

Tarefa 3: Vemos unha “peli”

Criadas y Señoras (The Help) é unha película dramática o 10 de agosto de 2011. Protagonizada por Emma Stone, e Bryce Dallas Howard, está baseada na novela homónima Stockett. Pola súa participación nesta película, Octavia gañou o Óscar e o Globo de Ouro á mellor actriz de reparto.

Uxía “Skeeter” é unha rapaza de 23 anos que regresou á súa casa Mississippi, ao sur dos Estados Unidos de Norteamérica, tras os seus estudos na universidade estatal. Con idea de ser plena década dos 60, comeza a ver o seu entorno social con mentres a súa nai só pensa en casala.



estrenada
Viola Davis
de Kathryn
Spencer

en Jackson,
terminar
escritora, en
outros ollos,

Aibileen Clark é unha criada negra intelixente e seria que criou dezasete brancos. Tras perder o seu fillo, mentres os seus xefes brancos ollaban para outro lado, Aibileen sente que algo cambiou na súa vida e comprométese coa educación da nena que ten ao seu cargo, aínda que sabe que o paso do tempo fará que se separen.

Minny Jackson é a mellor amiga de Aibileen, unha muller baixiña e irascible. É coñecida como a mellor cociñeira da cidade, e logo dun acto de vinganza contra a súa ex familia queda desempregada, ata que encontra outra familia que a acolle como súa.

Uxía, Aibileen e Minny uníranse para levaren a cabo un proxecto clandestino que suporá un grande risco para todas elas; a pesar de todo, embarcan nel co fin de tratar de se liberar das ataduras da época, da cidade e dos prexuízos dos seus habitantes.



3º ESO

100 ANOS SI QUE É MOITO

OBXECTIVOS

Que o alumnado coñeza a situación laboral da muller na Galiza e no conxunto do Estado español e reflexione sobre conceptos como igualdade e paridade.

Que o alumnado reflexione sobre o grao de preparación das mulleres e os postos de traballo que ocupan, achegando posíbeis solucións para solventar as diferenzas.

METODOLOXÍA

Dividir o grupo-clase en subgrupos para que lean e reflexionen sobre as cuestións propostas.

MATERIAIS

Acceso a Internet, bolígrafo e papel.

DESENVOLVEMENTO


Le os seguintes artigos:

http://politica.elpais.com/politica/2015/01/19/actualidad/1421666442_720236.html

<http://www.europapress.es/epsocial/rsc/noticia-oit-cree-podria-llevar-100-200-anos-lograr-paridad-puestos-ejecutivos-empresas-20150112184347.html>

Contesta a seguir estas preguntas:

- Que é a paridade?
- Investiga sobre a taxa de emprego feminino na Galiza e no Estado. Pareceche xusta a proporción entre mulleres traballadoras fóra do fogar e o número delas que ocupan un posto executivo?
- Á vista dos resultados analizados no artigo sobre a proporción de poboación feminina con estudos superiores fronte á masculina, pareceche xusta a proporción de mulleres que ocupan altos cargos nas empresas?
- Cales cres que poden ser as causas de que as mulleres non ocupen postos de responsabilidade? Formula posíbeis solucións para cada unha das causas.
- Á vista destes artigos, podemos dicir que no Estado español hai igualdade?



4º ESO

INVESTIGANDO SOBRE OS NÓS DEREITOS

OBXECTIVOS

Que o alumnado coñeza a evolución dos dereitos das mulleres.

Que o alumnado reflexione sobre os dereitos das mulleres, sobre o papel, e a súa consecución na realidade.

METODOLOXÍA

Dividir o grupo-clase en subgrupos para que lean e reflexionen sobre as cuestións propostas

MATERIAIS

Acceso a Internet, bolígrafo e papel.

DESENVOLVEMENTO

Consulta o seguinte artigo : <http://elpais.com/especiales/2013/dia-de-la-mujer/> .


Contestas logo da lectura estas cuestións:

Tivo sempre a muller dereito ao traballo?

En que momento se ampliaron os dereitos sociais das mulleres?

Desde a Constitución do 78 declárase o principio legal da non discriminación por razón de sexo. Coidas que na actualidade existe igualdade real entre homes e mulleres? Pon exemplos que corroboren a túa opinión.

Existe igualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral? Analiza aspectos como a xornada laboral, as remuneracións, o tipo de actividade laboral que se realiza, etc. para sustentares a túa opinión sobre este particular.



propuesta didáctica